

O NOVO MERCADO DE DURMIDEIRAS



O mercado municipal de Durmideiras tivo, nas súas orixes, un formato diferente, como galerías comerciais e de alimentación. Construíuse na década dos 80, ao abeiro do nacemento do barrio como área residencial, e co obxectivo de darlle un servizo de proximidade á cidadanía no mesmo núcleo central de Durmideiras, a praza de Santa María.

Porén, pola súa configuración orixinal, a dun edificio pechado á rúa e totalmente fragmentado no seu interior, fíxose necesario acometer unha intervención arquitectónica acorde ás necesidades das veciñas e veciños que foron xurdindo co paso do tempo.



A integración da galería na rede de mercados municipais certificouse no ano 2015, e as melloras na infraestrutura, unha reclamación da veciñanza desde había décadas, acometéronse xa ao longo do mandato 2019-2023.

Desta forma, o Concello levou a cabo un investimento de máis de 1,5 millóns para completar un plan de rehabilitación baseado nunha arquitectura limpa, nítida e transparente, que supuxo a transformación completa da fachada para envidrar o perímetro. Tamén se executou unha reconfiguración dos espazos interiores, o que permitiu a creación dun andar para usos múltiples e a reordenación dos postos de venda.

ASÍ FOI A SÚA TRANSFORMACIÓN

As prazas de abastos xa non só venden produtos de primeira necesidade e alimentación básica. En xeral, venden o mellor produto e, en moitas ocasións, tamén supoñen unha oportunidade para o desenvolvemento de actividade do sector da restauración.



Neste sentido, as arquitecturas de mercados sobre edificios herdados tenden a vertebrarse sobre espazos limpos e nítidos, cambiantes e facilmente transformables. Puntos de encontro no que ver as veciños e veciños é importante, onde compartir os produtos duns e doutros, como un elemento para atraer e facilitarlle a vida ao cliente.

No caso do mercado de Durmideiras, a aposta do Concello foi darlle un xiro total á estrutura e configuración do edificio, liberando o espazo interior nos dous andares. Na planta baixa reorganizáronse os postos, que se trasladaron ao centro para permitir unha fachada totalmente aberta á rúa, co edificio aovidrado para que a actividade comercial sexa visible. No primeiro andar deuse forma a un espazo totalmente diáfano, apto para novas superficies comerciais, usos polivalentes e a programación de eventos.



En definitiva, hoxe os cidadáns dispoñen de máis de 1.200 metros cadrados de superficie útil, con seis espazos comerciais orientados á venda de produtos frescos e de proximidade, así como unha nova cafetaría.

O obxectivo: converter de novo o mercado municipal de Durmideiras nun punto neurálxico para a vida diaria e as actividades de ocio e lecer para a veciñanza do barrio.

EN DATOS

Cal foi o investimento do Concello para rehabilitar o antigo mercado municipal de Durmideiras? O Goberno de Inés Rey levou a cabo un investimento de 1,5 millóns de euros.

A superficie útil destinada ao mercado municipal: máis de 1.290 metros cadrados, con seis espazos de venda e unha cafetaría.

Queres saber máis sobre a rede de Mercados Municipais da Coruña? Lembra que podes consultar toda a información en coruna.gal.